

# Un gran impacto ecosocial



10.500

PEZAS DE ROUPA  
ENTREGADAS  
a colectivos  
vulnerables  
cada ano



329

COLECTORES  
instalados



35.000

Tn de CO2  
evitadas  
cada ano



5

TENDAS  
de roupa de  
segunda man



36

PERSOAS  
en itinerario de  
inserción  
cada ano



+5M

de m3 de auga  
aforrados  
cada ano

# SÚMATE AO PROXECTO

Doando o que xa non usas ou comprando  
roupa nas nosas tendas:

- \* Xeneras emprego de calidade e formación para persoas que o precisan.
- \* Alargas o ciclo de vida das prendas en bo estado.
- \* Familias con escasos recursos terán acceso a vestirse de forma digna.
- \* Reduces a produción de novas prendas e o consumo de materia prima.

Que ocorre coa  
roupa que doas?



Atopa o colector  
máis próximo



Somos un proxecto social de



**Caritas**  
Diocesana de  
Santiago de Compostela



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA  
Y EL RETO DEMOGRÁFICO



XUNTA  
DE GALICIA

ARROUPA con moda re-



# Ola! Somos Arroupa

O proxecto social impulsado por Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, que xestiona todo o círculo de roupa usada: recollida, preparación para a reutilización e reciclaxe, entrega social e venda. Todo isto xerando emprego de calidade para as persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social.

Baseado nun modelo de economía circular que respecta e coida as persoas e o medio ambiente.

- ➔ **Dámoslle o mellor tratamento posible á roupa recollida, respectando a xerarquía dos residuos e evitando ao 100% que acabe nun vertedoiro.**
- ➔ **Promovemos o acceso ao mercado laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.**
- ➔ **Xestionamos e dignificamos a entrega social a familias con escasos recursos económicos**

## Doa a roupa que xa non uses

En arroupa dámoslle á túa roupa, independentemente do seu estado, o destino máis xusto, ético e sostible para as persoas e o planeta.

### ¿Qué podo doar?

Camisas e camisetas, pantalóns, saias, vestidos, abrigos, roupa de baño, zapatos, roupa de cama, manteis, cortinas... en fin, todo o que sexa téxtil. E tamén complementos: xoias, bolsos, sombreiros...

### Tips para doar

- ➔ Revisa a túa roupa e retira calquera obxecto persoal que poida conter, por exemplo, nos teus petos.
- ➔ Gárdaos nunha bolsa ben pechada. Así evitarase que se molle, manche ou sufra calquera outro tipo de contaminación que impida a súa reciclaxe ou reutilización.
- ➔ Combina o calzado, facilitarás o traballo de clasificación posterior.



## Compra a moda máis sostible

As nosas tendas son espazos modernos e dinámicos que rompen cos estereotipos asociados ás tendas de segunda man.

### ¿Que tipo de roupa podo atopar nas tendas?

Roupa, calzado e complementos de segunda man en perfecto estado, para todos os estilos e idades: mulleres, homes e nenos.

Tamén podes atopar pezas novas, de existencias excedentes e tempadas anteriores, doadas por empresas que queren que os produtos xa fabricados teñan un destino ético e sostible con Arroupa

### Como podo atopar a tenda máis próxima?

Contamos con 5 tendas de roupa de segunda man en Galicia, situadas en Santiago de Compostela, Pontevedra, Arteixo, A Coruña e Carballo.

Atopa a tenda máis próxima  
en [www.arroupa.es](http://www.arroupa.es)

